

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 29 de marzo de 2023 polo que se modifican as Normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos no Parlamento de Galicia

Nas mesas de negociación do 12 de decembro de 2022 e 28 de febreiro de 2023 foi obxecto de negociación, entre outros asuntos, a modificación das Normas reguladoras da bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos no Parlamento de Galicia (BOPG núm. 117, do 26 de mazo de 2021) co obxecto de ampliar os anos de realización dos cursos de formación para que estes poidan ser valorados e axustar a puntuación que se outorgará ás distintas titulacións.

Consecuentemente, ao abeiro do disposto no artigo 3.2.c) do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, a Mesa do Parlamento de Galicia, na reunión do 29 de marzo de 2023, dispón:

Artigo único. Modificación das Normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos no Parlamento de Galicia

Un. Modifícase o artigo 2.C).2., que queda redactado como segue:



«2. Serán valorados como mérito os cursos de formación cunha duración mínima de 12 horas que fosen realizados nos 20 anos anteriores á convocatoria do concurso e organizados ou promovidos polo Parlamento de Galicia, polas escolas oficiais de formación das comunidades autónomas, universidades, administracións públicas ou por outras entidades públicas, sempre que neste último caso os cursos contén cunha homologación oficial.»

Dous. Modifícase o artigo 2.E), que queda redactado como segue:

E) Titulacións académicas.

1. A puntuación máxima por titulacións académicas será de 4 puntos.

2. Non se valorarán títulos académicos imprescindibles para a consecución doutros de nivel superior que se aleguen como méritos, nin se valorarán os títulos académicos exixidos para o ingreso no corpo de funcionarios correspondente. As titulacións distintas das anteditas valoraranse coa seguinte cualificación:

2.1. Titulacións académicas en xeral.

2.1.1. Titulacións non universitarias

- | | |
|---|-------------|
| - Titulación grao medio ou asimilada | 0,50 puntos |
| - Titulación grao superior ou asimilada | 0,75 puntos |

2.1.2. Titulacións universitarias oficiais

- | | |
|------------------------------------|----------|
| - Titulación de grao ou asimiladas | 1 punto |
| - Titulación de máster | 2 puntos |
| - Doutoramento | 3 puntos |

2.1.3. Formación permanente posgrao

- | | |
|--|-------------|
| - Titulación universitaria de experto | 0,25 puntos |
| - Titulación universitaria de especialista | 0,50 puntos |

2.2. Titulacións académicas relacionadas co posto de traballo, especificadas na convocatoria correspondente

2.2.1 Titulacións non universitarias

- | | |
|---|-------------|
| - Titulación grao medio ou asimilada | 0,75 puntos |
| - Titulación grao superior ou asimilada | 1 punto |

2.2.2 Titulacións universitarias oficiais

- | | |
|------------------------------------|------------|
| - Titulación de grao ou asimiladas | 1,5 puntos |
| - Titulación de máster | 2,5 puntos |
| - Doutoramento | 4 puntos |



2.2.3 Formación permanente posgrao

- Titulación universitaria de experto 0,75 punto
- Titulación universitaria de especialista 1 punto»

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste acordo.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Estas normas entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

